




Deputación
Pontevedra

Nº 4



FORO DE INICIATIVAS LOCAIS

Innovación para o desenvolvemento
empresarial e do emprego



TUI

- MAIO DE 2013 -

www.depo.es



Equipo G4plus de Análisis,
Diagnóstico y Diseño Estratégico
Universidade de Vigo

Este informe foi elaborado polo Grupo de Investigación G4plus da Universidade de Vigo integrado por: Pedro Figueroa Dorrego (Director), Ana Otero Lima e Daniel Gallego Ortigueira, en colaboración coa Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui.

Índice

1.	PRÓLOGO	4
2.	INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO	5
3.	INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE TUI	8
A.	Principais recursos infraestruturais do Concello de Tui	8
•	Infraestruturas de Comunicación:.....	9
•	Infraestruturas Empresariais:.....	9
•	Infraestruturas Sanitarias e Educativas.....	10
•	Outras infraestruturas do Concello de Tui.....	11
B.	Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.....	12
•	Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Tui	12
•	Caracterización Social do Concello de Tui.....	12
C.	Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Tui	17
•	Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Tui	17
•	Asociacionismo e cooperación empresarial en Tui.....	25
D.	Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación	26
•	Centros de I+D+i no entorno de Tui	26
•	Alguns proxectos de I+d+i empresariais en Tui.....	27
4.	PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDEMENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE TUI 28	
A.	Principais datos sobre o emprendemento en Galicia	28
B.	Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Tui.....	30
5.	SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE TUI.....	34
A.	Síntese das entrevistas realizadas.....	34
B.	Cadro resumo	38

ANEXOS:

- I. Principais Empresas segundo Facturación domiciliadas no Concello de Tui
- II. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Tui

1. PRÓLOGO

A Deputación de Pontevedra, consciente da situación de crise no actual escenario económico, que está tendo como consecuencia principal o continuo incremento do nivel de desemprego a nivel nacional, e tamén na provincia de Pontevedra, segue a considerar de gran importancia estratéxica reforzar o Servizo de Promoción do Emprego desta institución provincial. Con este obxectivo presentouse o Plan de Acción para o Emprego 2012-2013, que pretende consolidar as actuacións iniciadas pola Excma. Deputación de Pontevedra ó abeiro do Plan de Acción para o Emprego no ano 2012, con dous obxectivos principais: profundizar no reforzo do servizo de asesoramento e información para o emprego da Deputación por unha parte, e consolidar o proceso de apertura da institución provincial como órgano de interlocución e consenso con todos os concellos e axentes económicos da provincia de Pontevedra que traballan no ámbito do fomento do emprego e da cultura emprendedora.

Por tal motivo, a Deputación de Pontevedra promove, en colaboración coa Universidade de Vigo, a posta en marcha de diversos FOROS DE INICIATIVAS LOCAIS sobre innovación para o desenvolvemento empresarial e o emprego en Concellos de entre 13.000 e 40.000 habitantes.




D. Rafael Louzán Abal

Presidente

Excelentísima Deputación de Pontevedra

2. INTRODUCCIÓN: OBXECTIVOS E ALCANCE DO FORO

Ó longo dos últimos anos están ocorrendo indubidables e ineludibles cambios na estrutura económica dos territorios, tanto a nivel nacional, como autonómico ou local. Estes cambios obrigan a abrir unha nova etapa de reestruturación económica, tecnolóxica e organizativa, onde a introdución de elementos innovadores xoga un papel fundamental á hora de optimizar os niveis de produtividade e competitividade empresarial, alentando o crecemento de sectores emerxentes e contribuíndo a á reestruturación dos sectores económicos en declive.




Neste contexto é onde cobran cada vez máis importancia as iniciativas de desenvolvemento local, é dicir, aquelas iniciativas que pretenden poñer en valor os recursos endóxeos de cada territorio e a busca de novas fontes de emprego, a fin de adaptar as economías locais ós cambios e tendencias globais.

Así, a través da identificación dos recursos e capacidades da área local de Tui a celebración deste Foro de Iniciativas Locais pretende xerar un espazo de dinamización e participación a nivel local, para identificar oportunidades e posibles iniciativas de desenvolvemento empresarial e emprendemento que orienten a acción dos axentes locais en xeral e das Administracións Públicas en particular, de tal forma que se consiga xerar unha maior riqueza e emprego no territorio.

Así mesmo, a celebración deste Foro de Iniciativas Locais complementarase coa articulación doutros, noutras localidades da Provincia de Pontevedra de entre 13.000 e 40.000 habitantes, para acadar unha maior continuidade da iniciativa e unha maior repercusión dos seus obxectivos.

Polo que respecta ás fases seguidas para a estruturación e organización xeral dos Foros de Iniciativas Locais, seguiuuse o esquema ilustrado na **Figura 1**, de tal xeito que nun primeiro momento elaboráronse os contidos correspondentes ó informe previo, cuxa información cuantitativa empregada elaborouse cos datos dispoñibles a data de novembro de 2012.

Figura 1
Fases do proxecto



Fonte: Elaboración propia


En canto á segunda fase aquí reflectida, a correspondente ás entrevistas, en cada municipio seleccionado contouse coas opinións tanto da Administración Pública Local, como de representantes do tecido empresarial da zona cunha ampla experiencia emprendedora, mediante a realización dunha serie de entrevistas estruturadas.

Así, no caso de Tui , entrevistouse directamente ós seguintes axentes:

Entidade	Persoa
Concello de Tui (Concelleiro)	D. J. Ángel Villaverde
Axente de Desenvolvemento Local do Concello de Tui	Dna: Paula Barcelo Saá
Artesanía Porta da Pía	Dna. Susana Cabo
Servizos Turísticos aquamiño	D. Manuel Guerreiro
Tractoria - Pizzería	D. Julián Ramirez

Polo que concirne á estrutura destas entrevistas, deseñáronse dous modelos: un destinado ós axentes da Administración Pública Local, e o outro ós emprendedores de cada territorio (ver **Figura 2**). Ambos modelos perseguen a finalidade de obter unha visión xeral das actividades idóneas para cada área xeográfica en función das súas potencialidades, a máis de tentar achegar a idea de cáles son as principais barreiras e facilitadores ó emprendemento que detectan estes axentes. Finalmente, considerouse oportuno incluír un último apartado vinculado á pregunta , de que pode facer a Administración Pública nestes momentos para apoiar e potenciar o emprendemento nos territorios locais. Deste xeito con toda a información recollida a través destas entrevistas, elaborouse un informe final específico para cada municipio obxecto da iniciativa.

Figura 2
Temática orientativa das entrevistas



Finalmente, unha vez realizadas todas as entrevistas propostas e elaborados os informes correspondentes a cada localidade, elaborárase un último informe, de conclusións sintéticas, que recollerá de forma resumida as principais conclusións derivadas de todo o proxecto.

3. INFORMACIÓN SINTÉTICA DOS RECURSOS E CAPACIDADES DA ÁREA DE TUI

A. Principais recursos infraestruturais do Concello de Tui

A **localidade de Tui** sitúase no sur da Provincia de Pontevedra, xusto na fronteira con Portugal, ás beiras do río Miño, tal e como se amosa no mapa posterior. Segundo o Instituto Galego de Estatística Tui conta cunha extensión de **68,3 km²**. Tui pertence á comarca do Baixo Miño á que tamén pertencen os municipios de A Guarda, O Rosal, Oia e Tomiño. Esta comarca ten unha superficie aproximada de 323 Km² e a súa poboación ascende a uns 51.116 habitantes, dos que preto do 35% pertencen ó Concello de Tui.



Tui conta polo tanto cunha ubicación estratéxica, a 30 minutos dun dos grandes núcleos de poboación galegos como é Vigo e a menos dunha hora da capital da provincia. A máis sitúase preto de varios nodos de transporte de viaxeiros e mercadorías como son o Porto e o Aeroporto de Vigo e o aeroporto de Oporto e o Porto de Leixões. A máis o seu carácter de municipio fronteirizo fai que estea inmersa en numerosos proxectos en colaboración con localidades portuguesas, así destaca o feito de que en febreiro deste ano oficializouse a conformación da Eurocidade Tui – Valença, como aposta de ambas corporacións municipais

para aproveitar oportunidades, compartir servizos, promover sinerxías e unha auténtica cohesión entre os dous pobos.

Á hora de falar das infraestruturas que posúe o municipio de Tui, divídiranse estas en: Infraestruturas de comunicación, Infraestruturas empresariais e Infraestruturas Sanitarias e Educativas

- ***Infraestruturas de Comunicación:***

Polo que se refire ás infraestruturas de acceso á localidade, Tui a través da autopista AP-9 está comunicada con toda a rede de autopistas e autovías do Estado. A máis, Tui está comunicada diariamente con poboacións próximas a través do servizo de autobuses. Por ferrocarril, Tui conta cunha parada propia na parada de Guillarei con tres de frecuencia diaria dende Madrid ou Barcelona entre outras cidades españolas.

Por outra banda, chegar a Tui a través do avión tamén é relativamente fácil, pois esta vila atópase a 30 minutos do aeroporto de Vigo, e relativamente preto dos aeroportos de Oporto e Santiago de Compostela.

- ***Infraestruturas Empresariais:***

No tocante ás infraestruturas empresariais coas que conta o Concello de Tui, destaca o Polígono Industrial de Areas, desenvolto en dúas fases. A primeira fase ten unha superficie de 154.589 m², dos que 93.440 teñen carácter industrial e comercial, repartidos en 52 parcelas. Polo que respecta á segunda fase, esta ten unha superficie de 61.496 m² dos que 33.108 son de uso industrial e comercial, repartidos nun total de 20 parcelas.

Tanto a primeira como a segunda fase son xestionadas por Xestur Pontevedra están esgotadas, de tal xeito que na actualidade atópanse instaladas alí cerca de 30 empresas que xeren 750 empregos directos e o centro comercial OuletTui.

O acceso ó polígono é a través da autovía A-55 Vigo – Tui e ten un enlace coa rede de estradas portuguesas a través da A-3. O aeroporto máis próximo é o de Peinador a 25 Km. e o porto máis próximo é o de Vigo a 36 Km.

Tamén nos límites desta localidade fronteiriza se atopa o polígono de Os Viveiros en a Gándara – Guillarei, de menor tamaño có anterior. Esta oferta industrial complementase coas amplas superficies industriais que ofrecen concellos colindantes como o de Porriño.

- **Infraestruturas Sanitarias e Educativas**

Centrándose nas infraestruturas sanitarias, en Tui un centro de atención primaria, nos que prestan servizos 60 persoas, dos cales 19 son médicos de medicina xeral e 3 son pediatras. Tamén é de destacar o feito de que no propio Concello Tui existen dúas residencias da terceira idade que ofrecen máis de 210 prazas e que completan a oferta de benestar do municipio.

Por outra banda, en canto os centros educativos, en Tui existen un total de 13 centros, dos cales 1 é un colexio de ensinanza infantil (EEI) 7 son Colexios de Educación Infantil e Primaria (CEIP) e 3 son Institutos de Ensinanza Secundaria (IES) onde ademais se poden cursar ensinanzas postobrigatorias (Bacharelato e FP). Existen ademais dous centros educativos onde é posible cursar ensinanzas dende infantil a secundaria.

Polo que respecta ó número de alumnos matriculados nestes centros, segundo se amosa na Táboa 1, son 3.055 os alumnos que cursan estudos no municipio de Tui pertencendo a maioría deles á educación primaria e secundaria obrigatoria.

Táboa 1
Alumnos matriculados segundo tipo de ensinanza. Curso 2011/2012

Tipo de Ensinanza	Número
Educación infantil	580
Educación primaria	1.174
Educación secundaria obrigatoria (ESO)	814
Bacharelato ordinario	287
Ciclos formativos de grao medio ordinarios	79
Ciclos formativos de grao superior ordinarios	29
Programas de cualificación profesional inicial	31
Ensinanzas básicas iniciais e ESO adultos	61
TOTAL	3.055

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Esta oferta, complétase coa existencia para os máis cativos dunha gardería privada (Escola Infantil Enredos) a máis de varias privadas e doutras garderías públicas e municipais ubicadas nos concellos limítrofes e da área comarcal do Baixo Miño.

Finalmente, tamén compre mencionar no eido dos estudos superiores a posibilidade de cursar ensinanzas universitarias oficiais de grao, posgrao e doutorado nun entorno próximo en institucións como Universidade de Vigo. Tamén neste eido, compre mencionar a existencia dunha Aula da UNED na propia vila de Tui, onde é posible cursar estudos do grao en

psicoloxía e diversos cursos (de acceso á universidade, idiomas, coidados a persoas dependentes...etc). Ademais tamén é importante a presenza na cidade de Vigo, dunha entidade como é a Escola de Negocios NovaCaixaGalicia que ofrece formación específica para directivos empresariais actuais e futuros, profundado na mellora da competitividade da empresa galega a través dos seus cadros de mando.

- ***Outras infraestruturas do Concello de Tui***

Finalmente, á hora de realizar unha análise das infraestruturas que posúe o Concello de Tui non se poden esquecer as infraestruturas de tipo máis lúdico deportivo, ou culturais como poden ser as bibliotecas, das que Tui posúe unha pública, integrada na rede de bibliotecas de Galicia e que conta con máis de 3.000 socios.

Do mesmo xeito no eido deportivo, este municipio conta cunha piscina cuberta, 8 pistas polideportivas e dous terreos de xogo. Tamén no eido social Tui conta con recursos infraestruturais, pois alberga 2 casas da cultura a máis dunha ampla rede de parques e xardíns.

B. Principais Recursos e Capacidades do ámbito socio cultural.

• *Recursos Histórico- Culturais e Naturais do Concello de Tui*

Polo que respecta ó patrimonio histórico- cultural, dentro da arquitectura de Tui destaca o seu conxunto histórico – artístico, así declarado dende o ano 1.967. Esta antiga capital do que fora o Reino de Galicia, posúe un enorme legado histórico que deixa pegada do seu pasado. Dentro do conxunto destacan os restos da muralla do século XII levantada como defensa da cidade. A máis, no alto da cidade, culminando as rúas de soportais tudenses atópase a Catedral Fortaleza de Santa María de Tui co seu museo catedralicio, xoias da arquitectura relixiosa da cidade. Este tipo de arquitectura, ten outros expoñentes na vila de Tui como son o convento das Clarisas e a Ermida de San Telmo, única representante do barroco portugués en Galicia.

No eido cultural e etnográfico, non se pode esquecer que Tui e a Porta do Camiño de Santiago Portugués a Galicia, o que lle conferiu ser unha vila cunha intensa actividade comercial, grazas tamén á Ponte Internacional sobre o Río Miño, punto sobre o cruzan os peregrinos no seu camiño a Santiago de Compostela.


Polo que respecta ós recursos naturais, compre destacar que a paisaxe tudense está dominada pola presenza do Río Miño, ó redor do cal se estableceron numerosas rutas de sendeirismo e outras actividades de ocio e tempo libre como o Kayak ou as canoas. Sen embargo, Tui é coñecido por albergar dentro dos límites municipais un dos Parques Naturais de Galicia, en concreto o primeiro Parque Natural declarado na comunidade autónoma: O Monte Aloia. Entre os principais atractivos do Parque Natural Monte Aloia atópanse os restos arqueolóxicos da Muralla Ciclópea ou o Castro do Alto dos Cubos. A máis, no recinto do Parque Natural existen cinco miradoiros, sete muíños de auga visitables e 10 km. de sendas. Dentro dos valores ambientais do Monte Aloia, destaca a carballeira, onde existen ademais sobreiras e acivros.

• *Caracterización Social do Concello de Tui*

A localidade de Tui conta segundo o censo do ano 2011 con 17.326 habitantes. De entre esta poboación segundo o Anuario Socioeconómico de Caja España, o 5,2% son estranxeiros, pertencendo a gran maioría deles a Unión Europea e a Marrocos. No tocante a cómo evolucionou a poboación nos últimos cinco anos, cumpre dicir, que segundo o que se amosa na Figura 3, dende o ano 2005 ata o 2009 a poboación deste concello segue unha

tendencia maioritariamente de crecemento, de xeito que dende o ano 2005 ata o ano 2011 a poboación incrementouse nun 3,3%. Sen embargo, débese mencionar o feito de que no último ano a poboación rompeu a tónica de crecemento, pois baixou a niveis de antes do 2009, perdéndose nun só ano o 0,4%.


Figura 3
Evolución da poboación 2005-2010



Fonte: Anuario 2012 La Caixa

En canto á distribución da poboación no territorio, segundo os datos extraídos do Instituto Galego de Estatística, esta sitúase nos 252,4 habitantes por km², unha densidade por encima da media galega que se sitúa nunha media de 94 habitantes por km² e tamén por encima da media provincial, que se aproxima ós 200 habitantes por km². É importante resaltar o feito de que a densidade poboacional de Tui, creceu paulatinamente dende o ano 1.998, cando se situaba en torno ós 231,7 habitantes por km², o que revela un crecemento ata a actualidade dun 8,93%.


Figura 4
Evolución da densidade de poboación 1998-2011



Fonte: Elaboración propia a partir do IGE.

Polo que respecta á estrutura da poboación no municipio de Tui segundo o que se pode observar na pirámide representada na Figura 5, esta é unha pirámide regresiva, é dicir, cunha base máis estreita có centro e cunha cima relativamente ancha. Esta forma ven a indicar un descenso da natalidade nos últimos anos, o que pode levar a un envellecemento da poboación municipal nas próximas décadas, feito que se confirma cando se analiza o índice de remprazo poboacional que se sitúa no 0,82 (poboación menor de 16/ poboación maior de 65) e indica que a poboación municipal non ten asegurado o remprazo xeracional. Se ben é importe sinalar que a situación de Tui é mellor cá galega, onde o índice de remprazo se sitúa en torno ó 0.50.

Figura 5
Estrutura da poboación 2011



Fonte: Elaboración propia a partir do INE

Seguindo cos indicadores demográficos do municipio de Tui na Táboa 2, pódense observar os principais indicadores e a súa evolución. Así, en canto ó numero de nacementos estes mantéñense máis ou menos estables no período obxecto de análise, se ben cumpre mencionar que nos últimos anos se observa unha tendencia negativa. De igual xeito o número de defuncións non segue unha pauta estable, producíndose fluctuacións. Así e todo, o crecemento vexetativo do municipio de Tui presenta cifras negativas ó principio do período que se transforman en positivas nos anos seguintes, ata acadar o máximo punto positivo no ano 2008.. A partires deste ano, o crecemento vexetativo comeza a descender, a medida que tamén descende a natalidade, co conseguinte risco de volver a situar á poboación de Tui en taxas de crecemento negativo.


Táboa 2
Taxas demográficas 2006-2010

	2006	2007	2008	2009	2010
Nacementos	169	158	209	173	145
Defuncións	190	149	160	138	144
Crecemento Vexetativo	-21	9	49	35	1

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España-2012

Centrándose nas cifras de poboación activa, Tui posúe 11.386 persoas que se sitúan nos tramos de idade entre 16 e 64 anos (66,05%), destas segundo o anuario socioeconómico 2012 La Caixa con data do 31 de marzo do ano 2011, preto dun 16% desta poboación activa estaba en paro. Estes datos, como se pode comprobar na Figura 6, sitúan ó municipio de Tui por encima da media provincial e autonómica.


Figura 6
Evolución do paro sobre a poboación activa, 2005-2011



Fonte: Anuario Socioeconómico La Caixa 2012

No tocante a cómo afecta o paro ós diferentes sexos son as mulleres as que presentan unha maior porcentaxe de paro cun 17,7%. Mentres que por grandes grupos de idade o paro afecta claramente máis a aqueles entre os 25 e os 49 anos. (17,6%). Estas mesmas conclusións pódense obter ó analizar os datos provinciais e autonómicos da Figura 7.


Figura 7
Porcentaxe de Paro rexistrado por sexos e grandes grupos de idade 2011



Fonte:Elaboración propia a partir do anuario Socioeconómico La Caixa 2012

Pese a isto, segundo os datos máis actualizados dos que dispón o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE),a data de abril de 2013 as persoas en situación de desemprego no municipio de Tui ascenden a 2.375 o que supón o 20,98% da poboación potencialmente activa. Por sectores, e segundo se amosa na Figura 8 o sector que rexistra un maior número de parados é o de servizos con 1.206 persoas, mentres que pola contra o sector da agricultura é o que rexistra menos paro neste concello.

Figura 8
Porcentaxe de paro por sectores, abril 2011




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

C. Principais Recursos e Capacidades do Sistema Empresarial de Tui

- *Caracterización Sectorial do Tecido empresarial do Concello de Tui*

Centrándose na caracterización económica do Concello de Tui o primeiro dato que se analiza é o número de empresas que alí se asentán. Así, no ano 2010 segundo o IGE un total de 1.482 empresas tiñan actividade en Tui. Destas segundo se pode comprobar na Figura 9, máis da metade (57%) eran empresas sen asalariados e o 22% só posúen entre 1 e 2 persoas asalariadas. Estas cifras, moi en consonancia coas galegas, denotan a importancia que as pemes e micropemes teñen dentro da economía local (para ver a evolución das cifras consultar a táboa 1 do Anexo II).



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Polo que concirne á cómo evolucionou ata o momento o censo empresarial do municipio de Tui, tal e como se aprecia na Táboa 3 obsérvase que dende o ano 2004, o número de empresas que decide iniciar a súa actividade diminuíu notablemente, concretamente un 28% menos de empresas decide emprender a súa actividade neste municipio. Paralelamente, tamén se produce un notable incremento do número de empresas que decide pechar. Feitos ambos que levan parellos a redución do número de empresas ubicadas no municipio, así como a destrución de postos de emprego.


Táboa 3
Evolución do censo empresarial 2004-2010

	2004	2006	2008	2010	Var. 04/10
Alta	182	199	181	131	-28,02%
Permanencia	1.022	1.141	1.332	1.351	32,19%
Baixa	78	109	130	153	96,15%

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

En canto ó sector empresarial con máis peso no municipio de Tui, segundo se pode comprobar na Figura 10, este é claramente o sector servizos, que representa un 68% do total de empresas da localidade. Por outra banda, no relativo a fórmula xurídica preferida polas empresas de Tui, máis da metade realizan a súa actividade como persoas físicas, mentres que un 40% opera baixo unha sociedade limitada.

Figura 10
Proporción de empresas segundo Condición Xurídica e sector de actividade, 2011



Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)


Na Figura 11 e na Figura 12 amósanse as principais magnitudes económicas segundo a cadea empresarial á que pertencen (información completada no anexo). Cumpre sinalar que para a elaboración da citada táboa, empregouse como fonte a base de datos de Sistemas de Análise de Balances Ibéricos (SABI), onde só figuran aquelas empresas que teñen a obriga contable de presentar as súas contas no rexistro mercantil. Do mesmo xeito, tamén é importante ter en conta que as empresas que se analizan a continuación son as que teñen a súa sede fiscal e social no propio municipio, de tal forma que pode darse o caso de que existan empresas que desenvolvan a súa actividade con regularidade no municipio (como por exemplo franquías, cadeas de supermercados ou oficinas bancarias) que non se contemplan na análise.

Tendo en conta o anterior, teranse en consideración 633 empresas rexistradas no municipio de Tui, que moven anualmente máis de 347 millóns e medio de Euros, xerando 97

millóns de Euros de Valor Engadido Bruto e empregando a máis de 3.400 persoas. Así, a cadea que presenta unha maior actividade, é a referida á Construción e Promoción Inmobiliaria, que agrupa ó 39,81% do número total de empresas (252) empregando a aproximadamente 1.440 persoas (42% do total). As empresas que forman esta cadea, facturan en torno ós 131 millóns de euros (37,91% do total), o que supón unha facturación media de 520.000 euros, cunha capacidade de xerar un Valor Engadido Bruto (VEB)¹ de máis de 40 millóns de euros.

Figura 11

Porcentaxe de empresas e facturación segundo a cadea empresarial, 2010



*NOTA: O comercio específico de cada cadea empresarial inclúese dentro da propia cadea. Por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura. De xeito xeral, a base de datos SABI ten rexistradas 162 empresas en Tui que realizan a súa actividade dentro dos CNAE 46 e 47 de Comercio ó por maior e ó por menor.


Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

A seguinte cadea con maior transcendencia por volume de facturación é a de Loxística e Transporte. Esta cadea que apenas representa o 4,27% das empresas da vila (27), factura o 10% e xera un valor engadido de 9 millóns de euros. Este dato débese analizar con precaución, pois se observamos a listado de empresas con maior facturación da localidade de Tui do

^NEnténdese por Valor Engadido Bruto (VEB) o valor engadido xerado polo conxunto de produtores/empresas dun territorio, recollendo os valores que se engaden ós bens e servizos nas diferentes etaoas do proceso produtivo. É dicir, mide a riqueza xerada polo sistema empresarial dun territorio.

Anexo I, podemos ver como tan só dúas empresa (Estellez Galicia SA e Trangrutrans SL), facturan preto de 20 millóns de Euros o que supón o 65% do total da cadea no municipio.

Figura 12
Principais cadeas xeradoras de VEB e Emprego na localidade de Tui 2010



Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Segundo co análise económico financeiro das empresas da vila, as seguintes cadeas con un maior aporte en termos de facturación son as asociadas ás actividades de Agricultura, Gandaría e os seus transformados, así como aquelas que gardan relación co Comercio e Distribución non específica. Estas cadeas en conxunto xeran aproximadamente o 14,5% da facturación e constitúen tamén o 14,5% das empresas da vila, sendo polo tanto piares fundamentais da economía local. Neste senso compre destacar a importante actividade de empresas como, Goyoli Juan Carlos Perez Perez SL ou R Andrade SA, ambas entre as empresas que máis facturan da vila.

Finalmente, cumpre sinalar que outras actividades con importancia pola súa xeración de VEB e de postos de traballo son as englobadas nas cadeas de química farmacéutica e Turismo, ocio e relacionados. Estas dúas cadeas xeran aproximadamente o 13% dos empregos no municipio, e o 8% da facturación empresarial. Así, empresas destas cadeas tamén aparecen na listaxe do anexo I, trátase de empresas como Nor Rubber ou Soñando Organización de Viajes SL . Neste senso, é importante matizar o feito de que tampouco se teñen en conta os empresarios autónomos, dado que estes non están obrigados a presentar as súas contas.

Comparando estas cifras, coas cifras do conxunto da economía galega e provincial que se reflicten nas táboas do Anexo II, a economía deste municipio da comarca do Baixo Miño presenta algunha diferenza coa galega e provincial, onde as actividades asociadas ás cadeas de Construción e Automoción son as que adquiren unha maior relevancia. Así compre destacar que nesta vila fronteiriza as actividades de Automoción (incluíndo talleres e concesionarios) posúen un peso bastante limitado. Tamén se observan diferenzas nas cadeas asociadas á agricultura, gandería e os seus transformados e Loxística e Transporte, ambas con moito maior peso na economía tudense que no conxunto do tecido empresarial galego e provincial.

En canto ás actividades asociadas ás cadeas de Comercio e distribución non específica e Turismo, Ocio e Relacionados, a importancia destas en Tui, está máis ou menos parella á importancia que posúen no conxunto da economía galega e provincial.

Profundando máis nos aspectos analizados na figura anterior, e para comprobar cal é a contribución de Tui á Cadea de Loxística e Transporte galega e provincial, na Táboa 4 pódense observar cáles son as principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como Tui representa o 2.10% das empresas da provincia, e o que é máis destacable consegue representar o 3,53% da facturación do sector en Pontevedra. A nivel autonómico as cifras de representatividade rodean o 0,75%, cifra que se eleva ó 1,20% no caso da facturación.

Táboa 4
Importancia da cadea de Loxística e Transporte de Tui sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VEB (miles €)	Número de Empresas
Tui	35.294€	235	9.165€	27
Pontevedra	999.605€	11.656	361.613€	1.281
Galicia	2.926.605€	32.025	1.240.445€	3.330
Peso de Tui sobre o total de Pontevedra	3,53%	2,01%	2,53%	2,10%
Peso de Tui sobre o total de Galicia	1,20%	0,73%	0,73%	0,81%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto á cadea de Agricultura, gandería e os seus transformados, para comprobar cal é a contribución de Tui á mesma, na Táboa 5 pódense observar cáles son as principais magnitudes asociadas á cadea en cada ámbito xeográfico, de tal xeito que se observa como Tui representa máis do a máis do 2,10% das empresas da cadea pontevedresa que ademais facturan o 1,83% provincial. Polo que respecta á representatividade a nivel galego, esta aproxímase ó medio punto porcentual.

Táboa 5
Importancia da cadea de Agricultura, Gandería e os seus
Transformados de Tui sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Tui	28.756€	148	3.860€	34
Pontevedra	1.567.791 €	12.182	265.014 €	1.588
Galicia	5.975.128 €	34.802	988.224 €	4.608
Peso de Tui sobre o total de Pontevedra	1,83%	1,21%	1,45%	2,14%
Peso de Tui sobre o total de Galicia	0,48%	0,42%	0,39%	0,73%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

En canto ás explotacións agrícolas rexistradas no Concello de Tui estas segundo o IGE son 142, se ben cabe destacar que o seu número viuse reducido dende o ano 1999 cando o número de explotacións agrarias acadaba máis de 1.425. Por outra banda, en canto á superficie destinada a usos agrícolas en Tui esta é de 6.487 Hectáreas, das cales máis do 53% está dedicado a especies forestais e aproximadamente o 16% a terras arables.

Táboa 6
Distribución da superficie agraria 2011

Usos	Hectáreas	%
Terras arables	1.098,6	16,94%
Frutais	33	0,51%
Asociación viñedo-frutal	0,3	0,00%
Viñedo	266,1	4,10%
Pasteiro	170,5	2,63%
Pasto con arborado	151,3	2,33%
Pasto arbustivo	466,2	7,19%
Especies Forestais	3.447,6	53,15%
Outros espazos non agrícolas	1.213,4	18,71%
TOTAL	6.487	100,00%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Outra das actividades que pode resultar clave para o municipio de Tui é a vinculada ó Turismo, Ocio e Relacionados, así, segundo o anuario Caja España 2012, Tui conta coa infraestrutura de acollida e recepción de visitantes recollida na Táboa 7, onde se pode apreciar cómo no último ano se mantiveron estables e incluso medraron os establecementos dedicados a hospedaxe, mentres que os de restauración e comidas seguen unha tendencia tamén estable pero con tendencia negativa, pois nalgúns casos viron reducido o seu número dentro da infraestrutura municipal. Estes establecementos, segundo o IGE, teñen unha capacidade para acoller a máis de 600 persoas. Capacidade á que habería que engadir a ofertada polas 4 casas rurais das que se teñen constancia no municipio con 35 prazas segundo o propio IGE.

Táboa 7
Infraestrutura Turística, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Hoteis e Moteis	5	6	20%
Hostais e Pensións	2	2	0%
Fondas e Casas de Hóspedes	4	3	-25%
Restaurantes	28	29	3,6%
Cafeterías	10	7	-30%
Cafés e Bares	125	125	0%

Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

Polo que respecta a importancia que a actividade turística tudense ten sobre a cadea no conxunto de Galicia e Pontevedra, segundo as cifras reflectidas na Táboa 8, a súa aportación supón máis do 2% da facturación e do número de empresas provinciais e preto do 1% autonómico.

Táboa 8
Importancia da cadea de Turismo, Ocio e Relacionados de Tui sobre Galicia e Pontevedra, 2010

	Facturación (miles €)	Empregos	VAB (miles €)	Número de Empresas
Tui	15.932€	167	4.198€	48
Pontevedra	551.393 €	9.435	196.788 €	2.220 €
Galicia	1.543.202 €	27.809	586.830 €	5.638
Peso de Tui sobre o total de Pontevedra	2,88%	1,77%	2,13%	2,16%
Peso de Tui sobre o total de Galicia	1,03%	0,60%	0,71%	0,85%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Finalmente, en canto a estrutura do comercio no Concello de Tui, segundo o que se observa na Táboa 9, existen un total de 713 establecementos alí situados, de entre os que destacan os que realizan vendas de téxtil e calzado, e aqueles que teñen a súa venda especializada en fogar e bricolaxe, así como os dedicados ó comercio mixto (hipermercados) pois xuntos suman máis dun terzo dos comercios de Tui.

Táboa 9
Estrutura do Comercio, 2010-2011

	2010	2011	Variación
Frutas, Verduras e Tubérculos	4	5	25%
Cárnicos	12	15	25%
Peixe e derivados da pesca	18	18	0%
Pan, Pastelería e Confitería.	9	8	-11%
Viños e bebidas	1	1	0%
Tabaco e produtos de fumador	15	14	-6,7%
Alimentos e bebidas en xeral	35	33	-5,7%
Téxtil e calzado	105	102	-2,9%
Farmacia e droguería	32	27	-15,6%
Fogar e Bricolaxe	82	77	-6,1%
Vehículos e recambios	38	37	-2,6%
Combustibles	7	9	28,6%
Instrumentos musicais e accesorios	1	2	100%
Comercio mixto	75	75	0%
Outros comercios	65	69	6,2%
TOTAL	707	713	0,9%

Fonte: Fonte: Anuario Socioeconómico Caja España 2012

- *Asociacionismo e cooperación empresarial en Tui*

Á cooperación é un dos aspectos fundamentais no marco de pequenas empresas predominante no Concello de Tui dado que propicia o incremento das súas capacidades competitivas e mellora a súa eficiencia.

Unha das formas de cooperación empresarial tradicional e máis estendida é a constitución de asociacións empresariais, ben sectoriais ou ben máis xerais. Así, no caso da localidade de Tui, o asociacionismo empresarial predominante é de nivel local e comarcal. Deste xeito destaca a presenza da Asociación de Comerciantes e Industriais de Tui (ACITUI), que xorde como resposta á necesidade de facer fronte ás ameazas do entorno e mellorar a súa posición competitiva. Na actualidade conta con 178 asociados, e ten presenza no comercio, na industria e no turismo, aínda que o comercio segue amosando un maior índice de asociación, sendo ademais o proxecto estrela a constitución do Centro Comercial Aberto de Tui. A máis esta asociación presta unha serie de servizos ós seus asociados como asesoramento, programas formativos ou adhesión ós convenios de colaboración firmados pola asociación.

Outra das asociacións presentes neste municipio, e a asociación Empresarial do Polígono de Areas – Tui , que se erixe como o principal interlocutor das empresas localizadas nesta área, e que pretende ser o elemento dinamizador do polígono industrial, grazas á vixilancia constante en materia de infraestruturas e servizos, tratando de solucionar no menor tempo posible os problemas que se detecten.

Xa no ámbito comarcal destaca a presenza de federacións como a federación de Industriais do Baixo Miño e a Federación de Empresarios do Baixo Miño (FEBAM), así como a presenza dunha asociación de Turismo Baixo – Miño, que promociona a comarca de forma conxunta. Ademais non se pode esquecer a presenza dunha entidade como é a Camara de Comercio Industria e Navegación de Tui.

Tamén a nivel provincial e autonómico os empresarios tudenses forman parte de conglomerados como a Confederación de Empresarios de Pontevedra (CEP), ou clúster de diversas actividades galegos, como o clúster agroalimentario.

D. Principais Recursos e Capacidades no ámbito da innovación .

• *Centros de I+D+i no entorno de Tui*

A presenza de centros de Investigación, Desenvolvemento e Innovación , nunha determinada área ou nun sector de actividade, xera innumerables beneficios de cara ó tecido empresarial dese sector e da propia área de influencia na que se ubica. Entre os principais beneficios, destaca a idea de que impulsa e facilita a transferencia de coñecemento, representa ó sector e á área en foros internacionais e nacionais, e favorece a aplicación e posta en práctica dos desenvolvementos tecnolóxicos no sector do que forma parte, garantindo o “feedback”.

Nos arredores de Tui, desenvolven a súa actividade varios centros e organismos de I+D+i. Así, cumpre sinalar os seguintes:

- A Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste (AIMEN), localizada en Porriño, e cuxa labor principal é a vixiar a evolución tecnolóxica dos mercados, captar e desenvolver as tecnoloxías emerxentes, impulsando a súa implantación, á vez que se propicia a innovación tecnolóxica das empresas do sector.
- O Centro Tecnolóxico do Granito, que se atopa tamén en Porriño, e que se dedica fundamentalmente a impulsar actividades relacionadas coa innovación, investigación e desenvolvemento tecnolóxico do sector do granito e demais pedras naturais. Concretamente, entre as súas tarefas pódense citar o fomento dun desenvolvemento sustentable, a potenciación da investigación científica e o desenvolvemento tecnolóxico de procesos e produtos, formación, asistencia técnica e tecnolóxica e a promoción e difusión do uso do granito entre outras.
- O Centro Tecnolóxico da Automoción de Galicia (CTAG), situado tamén en Porriño, que foi creada coa intención de ofrecer solucións tecnolóxicas avanzadas ó sector do automóbil, apoiando ás industrias do sector na súa modernización e adaptación ás novas tecnoloxías, contribuíndo deste xeito a mellorar a competitividade das empresas do sector da automoción, incorporando as novas tecnoloxías e impulsando a investigación e a innovación.
- O Instituto Oceanográfico de Vigo, organismo público de investigación que ten como ámbito principal de estudo o mar e os recursos mariños.

- O Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR), fundación de interese galego que busca impulsar a cooperación entre institucións, centros de investigación e o sector marítimo – pesqueiro, así como fomentar a implicación dos sectores dependentes do mar en actividades de I+D+i e favorecer a eficiencia de todas as actividades relacionadas co uso e explotación do medio mariño.
- A localización próxima da Universidade de Vigo, tamén incrementa as posibilidades de transferencia do coñecemento e posibilita e acerca as relacións universidade – empresa ó núcleo territorial de Nigrán, grazas a presenza de numerosos grupos de investigación e á posibilidade de formación superior especializada.

- *Algúns proxectos de I+d+i empresariais en Tui*

As empresas son unha parte moi importante e indispensable á hora de levar a cabo e implantar proxectos de I+D+i dentro dos seus ámbitos de actuación, dado que son as encargadas de que os proxectos xestados en centros de investigación se convertan en realidade. Así, no marco do tecido empresarial de Tui existen empresas que colaboran activamente e apoian este tipo de proxectos.

4. PRINCIPAIS DATOS SOBRE EMPRENDIMIENTO EN GALICIA E NO CONCELLO DE TUI

A. Principais datos sobre o emprendemento en Galicia

Antes de tratar dunha forma explícita as características do emprendemento no Concello de A Estrada, compre coñecer cáles son as principais **características dos emprendedores e do emprendemento en Galicia**. Así, segundo o Informe GEM Galicia 2010, os emprendedores galegos presentan unha serie de rasgos básicos. Por exemplo, parece evidente que o porcentaxe de homes é maioritario en todas as fases do proceso emprendedor, quedando patente a gran diferenza que existe entre sexos, se ben o número de mulleres que decidiron poñer en marcha unha experiencia deste tipo incrementouse paulatinamente nos últimos anos.

En canto á idade media dos emprendedores galegos, esta incrementouse practicamente en todas as fases do proceso, resultando as cifras que se poden comprobar na **Táboa 10**. Tendo en conta isto, é importante destacar o feito de que a presenza de emprendedores entre 24 e 34 anos é cada vez menor en todas as fases do proceso.

Táboa 10
Idade media do emprendedor segundo a fase do proceso emprendedor, 2010

	Emprendedor Potencial	Emprendedor Nacente	Novo Emprendedor	Emprendedor Incipiente	Emprendedor Consolidado	Emprendedor que abandonou
Idade Media	38	46	38	40	45	42

Fonte: Informe GEM Galicia 2010

Tamén é relevante coñecer o nivel formativo dos emprendedores galegos. Así, entre os emprendedores potenciais destacan aqueles que posúen estudos de Formación Profesional, seguidos daqueles que tan só posúen estudos obrigatorios e dos que posúen formación universitaria. Por outro lado, unha das habilidades clave que ten que posuír un emprendedor para desenvolver o seu proxecto con éxito é a formación vinculada á creación e xestión empresarial. Sen embargo, e pese a isto, o nivel de formación específica para todo tipo de emprendedores diminúe con respecto ós anos anteriores.

Finalmente, polo que respecta ó entorno preferido polos emprendedores para establecer a súa idea de negocio, é o entorno urbano, en onde o porcentaxe de implantación supera o 80%, diminuindo ademais o número de abandonos neste ámbito. No outro lado da balanza sitúanse as iniciativas desenvoltas no entorno rural onde diminuíron máis dun 50% as iniciativas nacentes e aumentou considerablemente o abandono de iniciativas.

En definitiva, o perfil predominante do emprendedor en Galicia coincide co dun home ó redor dos 41 anos, que reside nun entorno urbano e posúe formación universitaria, se ben o espírito emprendedor aumentou notablemente entre aqueles que posúen estudos de formación profesional.

Centrándose xa nas **características das propias iniciativas emprendedoras en Galicia**, en primeiro lugar farase referencia ó sector xeral no que se sitúan, e é que os servizos orientados ó consumo continúan a ser o sector maioritario, sen embargo, a importancia do seu peso descendeu, sendo o sector dos servizos a empresas o que máis creceu en todas as fases e o sector extractivo o que máis diminuíu a súa presenza. Pola súa parte, o sector transformador reduciu a súa presenza na actividade incipiente, pero pola contra aumentouna nas iniciativas consolidadas.

Si se fala das dimensións das iniciativas, destacan as apostas individuais, reducíndose o número medio de propietarios en todas as fases. En termos de emprego, aumentan as iniciativas que non contan con empregados en todas as fases do proceso, trátase polo tanto de iniciativas orientadas ó autoemprego, que non son xeradas con vocación de crecemento e expansión de emprego.

Outro dato de relevancia que caracteriza ó emprendemento nun territorio, é o nivel de innovación e de uso das novas tecnoloxías. No caso galego, a falta de innovación caracteriza ó 80% das iniciativas, con independencia da etapa do proceso emprendedor na que se atopen. Deste modo, a porcentaxe de iniciativas nacentes que recoñecen certo grao de innovación reduciuse notablemente. Como consecuencia deste feito, os proxectos emprendedores de Galicia, teñen unha presenza nula ou escasa en sectores tecnolóxicos o que vai en detrimento da produtividade das iniciativas galegas e afectan negativamente á súa competitividade. Ademais, a previsión de expansión e internacionalización que presentan as iniciativas que xorden en Galicia é moi reducida, sendo os emprendedores nacentes os que se amosan máis optimistas ó respecto. Pese a isto, outro feito destacable das iniciativas emprendedoras de Galicia e que, exceptuando as iniciativas novas, a porcentaxe de proxectos que teñen o exterior como obxectivo aumentou sensiblemente.

En conclusión, pódese dicir que continúan a ser maioritarias as iniciativas de servizos orientadas ó consumo promovidas por propietarios individuais. A escasa innovación na oferta e a percepción de moita competencia no entorno é outra das conclusións que se extrae do Informe GEM Galicia 2010, onde como aspecto positivo se remarca o feito de que cada vez son máis os emprendedores que ven na internacionalización unha perspectiva de futuro.

B. Principais datos sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Tui

Para a realización deste epígrafe recorreuse á información proporcionada por diversas entidades de ámbito local, como o propio Concello de Tui ou o GDR MAIV-Baixo Miño, recollendo tamén información proporcionada polo IGAPE. Así, a través destes datos tentarase ofrecer unha visión da situación global do emprendemento nesta vila.

Deste xeito, en materia de creación de empresas nos anos 2011 e 2012 o IGAPE- BIC Galicia, colaborou e apoiou a posta en marcha de tres novos proxectos de emprendemento concretos no Concello de Tui, en ámbitos como a consultaría, a asesoría de empresas ou as actividades medioambientais e de tratamento de residuos.

En canto ó propio servizo de Promoción Económica do Concello de Tui, este conta cunha oficina de emprego e desenvolvemento local que coopera no impulso á posta en marcha de políticas activas de emprego, e conta coas seguintes funcións:

- Observación estratéxica do territorio e realización de estudos, así coma participar na dinamización do eido local, colaborando en campañas de dinamización económica.
- Prospección de recursos infrautilizados, identificando as actividades de interese e con potencialidade, que poidan acoller novos negocios viables de futuros emprendedores.
- Apoio e información sobre os trámites xurídicos e administrativos para a creación de empresas.
- Información dos programas de axudas específicas o emprego para empresas e emprendedores, así como facilitar o acceso a elas: mulleres, autónomos, discapacitados, Iniciativas locais de emprego, sociedades laborais, cooperativas...
- Acompañamento no estudo económico- financeiro de novas ideas empresariais, etc.
- Información e orientación os interesados de todo tipo de programas de axuda públicos e subvencións.
- Planificación ,deseño e xestión para o ente municipal dos programas e proxectos anuais dinamizadores do territorio e xeradores de emprego :
- Participación en deseño e xestión de proxectos e programas financiados con fondos comunitarios destinados o desenvolvemento económico territorial .
- Fomento da cultura emprendedora como unha forma de saír de situacións de desemprego.
- Organizar ou colaborar na realización de cursos de formación ou ofrecer información sobre eles para desempregados e traballadores en activo.

Comunicar ás empresas e emprendedores as subvencións para o emprego, así como facilitar o acceso a elas.

Tendo en conta isto, dende o 2010 ata a actualidade dende esta oficina asesoráronse un total de 97 proxectos de emprendemento concretos no Concello de Tui, en ámbitos tan dispares como a hostalaría, o comercio polo miúdo, a prestación de servizos sociais, actividades agroalimentarias, ou servizos persoais entre outros. Así, o reparto anual destes proxectos é o que se amosa na Táboa 11.

Táboa 11
Proxectos que solicitaron información da AEDL no Concello de Tui, 2010 – 2013.

Ano	2010*	2011*	2012	2013
Proxectos Asesorados	13	19	43	22

Nota: Dende o 01/11/2010 ata o 10/04/2011 o servizo estivo inactivo por baixa laboral.

Fonte: Concello de Tui.

Segundo os datos aquí amosados e o percibido dende a oficina de desenvolvemento local da vila de Tui, a tendencia no ano 2013 é o aumento, en canto ó número de usuarios e proxectos asesorados, incrementándose de maneira importante o número de consultas sobre inserción no mercado laboral.

En canto ó perfil do usuario deste servizo, extráense dúas conclusións principais:

- **A maioría dos emprendedores potenciais son mulleres (máis do 63%)**
- **A maioría dos usuarios levan inscritos no servizo público de emprego alo menos un ano.**

Se comparamos estes datos cos ofrecidos no parágrafo anterior a nivel de Galicia, obsérvase que o perfil do emprendedor galego e tudense é diferente no tocante ó sexo, pois mentres que no conxunto da comunidade autónoma son os homes os que maioritariamente deciden por en marcha un negocio propio, en Tui son as mulleres quen toman a iniciativa.

Polo que respecta ás principais necesidades de formación para o emprendemento e o emprego, segundo os datos do propio Concello, e dentro do campo do autoemprego detéctanse unha serie de carencias formativas nos emprendedores potenciais, centradas sobre todo na xestión empresarial, con especial atención a realización de estudos de mercado e de viabilidade do proxecto.

Outra das tarefas desta oficina de emprego e desenvolvemento local é a dinamización e potenciación dos recursos infrautilizados, labor a través da que é posible detectar posibles

nichos de emprego na zona, que en Tui teñen moito que ver co entorno natural e histórico preciso para o asentamento dos recursos turísticos, oportunidade entendida como circunstancia favorable para a empresa e o conseguinte desenvolvemento socioeconómico do municipio. É por este motivo polo que dende o servizo de emprendemento do Concello de Tui, se están a fomentar as empresas e actividades realizadas no eido turístico e cultural e de ocio, proporcionando ós emprendedores potenciais ampla información sobre incentivos públicos e buscando aportacións económicas distintas das locais, a máis de impulsar dende o propio Concello actuacións que atraian o turismo.

Así mesmo, dende as Administracións Públicas con competencia no territorio local de Tui, estanse a pór en marcha unha serie de proxectos que pretenden impulsar tanto o emprendemento como a empregabilidade dos tudenses. Así, no marco do Plan de Emprego Público 2013, materializáronse os seguintes proxectos:

- Programas de cooperación coas entidades locais: Contratación temporal de traballadores desempregados, distribuídos en obras e servizos de interese social e man de obra para levar a cabo proxectos en todo o Concello que repercutan na comunidade en xeral. Polo que respecta ós colectivos ós que se dirixe esta iniciativa, estes son os de maior índice de desocupación no municipio (xoves, mulleres e parados de longa duración).
- Obradoiros de emprego: Iniciativas mixtas de formación e emprego que beneficiaría a desempregados ademais de ó persoal docente e de apoio para a realización de traballos, acadando unha experiencia laboral e formativa que lles sexa útil para a súa inserción no mercado laboral.
- Outros programas de fomento do emprego: cos organismos provinciais, e tamén coa Xunta de Galicia, en relación coa orientación laboral, a formación de desempregados, o Plan de Emprego Municipal (PEM).

A parte de esta información de carácter xeral sobre o emprendemento e o emprego no Concello de Tui, é fundamental destacar a labor que exercen determinados organismos de carácter comarcal de cara ó fomento do emprego e o emprendemento na comarca. Así, o Concello de Tui é membro da Asociación Grupo de Desenvolvemento rural MAIV – Baixo Miño (GDR 18).

A acción deste ente está encamiñada á realización de proxectos cuxo obxectivo sexa dinamizar e acadar un desenvolvemento endógeno e sostible do territorio rural, tanto a nivel

económico e social como medioambiental, a través da xeración de sinerxías entre o tecido produtivo e a actividade económica, así como na valoración e conservación do patrimonio natural e cultural. Así, dende o ano 2010, segundo os datos extraídos da páxina web do propio GDR (<http://www.agdr18.org/?sec=20>), puxéronse en marcha na área de influencia do Concello de Tui, máis de 35 proxectos financiados en parte por esta entidade como beneficiarios do programa comunitario LEADER 2007/2013. Así estes proxectos estrutúranse en tres bloques:

- Proxectos de Dinamización do sector agrario e forestal: Un total de 8 proxectos que teñen como obxectivo mellorar a competitividade destes sectores a través da innovación, do aforro de custes e da mellora das técnicas de produción.
- Proxectos de mellora medioambiental e do contorno rural: Un total de 9 proxectos cuxa finalidade é a mellora da contorna medioambiental a través da recuperación paisaxística e ecolóxica dos territorios do rural.
- Proxectos de diversificación da economía rural e da calidade de vida: Un total de 19 proxectos que buscan aumentar a calidade de vida dos veciños destes territorios, así como a posta en marcha de actividades empresarias que favorezan a diversificación da economía rural.

5. SÍNTESE DAS ENTREVISTAS REALIZADAS NO CONCELLO DE TUI

A. Síntese das entrevistas realizadas

Trala realización das entrevistas correspondentes no Concello de Tui, seguindo tanto a temática orientativa amosada na Figura 2 e que se reflicte na introdución deste documento, como a estrutura presentada nas entrevistas que se recollen nos anexos a este documento, pódense extraer unha serie de conclusións derivadas das opinións dos axentes entrevistados, sobre as potencialidades e as posibilidades de emprendemento neste concello da comarca do Baixo Miño.

Así, en primeiro lugar, polo que respecta ás **potencialidades detectadas** polos axentes entrevistados, tanto dende o punto de vista da Administración Local, como dende a visión dos emprendedores, a principal baza coa que conta este concello é o seu enclave ou emprazamento xeográfico, derivado da súa condición de municipio fronteirizo e da súa proximidade a unha das grandes urbes de Galicia como é Vigo, existindo moi boas infraestruturas de comunicación tanto co resto de Galicia como co país veciño. Neste senso os axentes entrevistados manifestan que a existencia dun instrumento formal como é a creación da Eurocidade Tui-Valença facilita en gran medida a colaboración e comunicación constante entre ambas cidades e con outras vilas Portuguesas.

A maiores do emprazamento xeográfico, para a maioría dos axentes entrevistados no municipio tudense, outra das grandes potencialidades desta vila situaríase en torno ó aproveitamento dos recursos históricos e naturais dos que dispón Tui, dado que conta cun *“amplo casco vello medieval coroado por unha catedral, un río que a maioría dos galegos aínda teñen pendente coñecer, e o Parque Natural Monte Aloia, o máis antigo de Galicia e sen apenas aproveitamento”*. Así, opinan que serían moitas as iniciativas emprendedoras que con base a estes recursos, e aproveitando as fortalezas do programa cultural xa existente, poderían ter éxito a través do turismo diferenciado e de calidade, de tipo cultural e natural. Nesta mesma liña, tampouco se debe esquecer que *“Tui é a porta a Galicia do Camiño de Santiago Português”*, de tal xeito que segundo o manifestado *“débase tentar aproveitar este feito”*.

Finalmente, segundo os axentes tanto do eido público como do ámbito privado, outro dos puntos fortes ou potencialidades que podería presentar Tui á hora de iniciar unha nova actividade empresarial, sería a súa gran tradición comercial existente na zona, e que actualmente se está a perder por falla de innovación no comercio tradicional. Así sería necesario incidir na modernización e revitalización dun sector que foi a clave da economía tudense durante moitas décadas. Neste senso, apúntase que sería preciso *“un cambio de*

mentalidade do comercio tradicional, que debe pasar de pensar unicamente na venda dun produto, á venda dun servizo de atención personalizada e diferenciada”, deste xeito o comercio “debe aprender a diferenciarse dos seus grandes competidores, indo máis alá da venta clásica e atraendo a un novo tipo de clientes que busquen algo diferente”, xa que esta é a “única posibilidade de facerlle fronte á perda de clientes a causa da incidencia das grandes superficies”.

Continuando coas **iniciativas ou oportunidades de negocio concretas identificadas** ó longo das entrevistas realizadas, e moi en liña con todo o dito ata o momento, a maioría das ideas xurdiron en torno ás actividades turísticas e comerciais, que se entende que deberían ir da man e buscar sinerxías entre elas. Así, en primeiro lugar, polo que respecta á actividade turística, todos os axentes entrevistados coincidiron en sinalar que a clave do seu éxito residiría en conseguir que Tui se convertese nunha cidade de pernoctación, e non só *“nunha cidade de paso”*. Para acadar este obxectivo, segundo os axentes entrevistados, cumpriría *“incrementar as infraestruturas de acollida en xeral, xa que a oferta existente é moi escasa e non da empuxe ó turismo na vila”*. Neste senso tamén sería importante que *“se crease emprendemento en torno ás actividades complementarias ó turismo, de tal xeito que o municipio tudense fose coñecido por ofertar un turismo de calidade, máis cultural e natural, lonxe do modelo típico de sol e praia”* para o que sería preciso en primeiro lugar *“mellorar a sinalización dos elementos de interese cos que conta a vila e darse a coñecer primeiro entre un público de proximidade para ir pouco a pouco ampliando o radio de actuación”*. Tamén o emprendemento en torno á restauración, moi vinculado á actividade turística, segundo o expresado debería xirar na mesma liña, *“ofrecendo produtos de calidade e especializándose naqueles ocos ou produtos que Tui aínda non oferta”*.

En segundo lugar, e no que atinxe á actividade comercial, durante as entrevistas sinalouse, que se precisa urxentemente reactivar o comercio tudense, xa que este foi tradicionalmente o eixo sobre o cal xirou tradicionalmente a súa economía. Actualmente, e segundo o expresado, *“non existe un entramado comercial que permita falar de emprendemento urbano”*. Así, para moitos dos axentes entrevistados a solución pasaría por crear un comercio baseado na artesanía e nos oficios, e moi vinculado á actividade turística e baseándose na idea de *“converter a Tui nun centro de artesanía de Galicia”*. Ligado a esta idea, outro dos sectores no que os axentes identificaron oportunidades para o novo emprendemento, situaríase en torno á rehabilitación de vivendas antigas, pensando sobre todo no aproveitamento do casco vello da vila tudense para instalar nel a artesáns e crear así o devandito centro de artesanía.

Finalmente, tamén se identificaron oportunidades de negocio vinculadas coa iniciativa agraria, sobre todo de tipo ecolóxico e artesanal, baseándose no éxito que posúen este tipo de iniciativas no propio municipio, onde xa existen varias bodegas de tipo ecolóxico, e na comarca do Baixo Miño, onde se están a estender as producións ecolóxicas destinadas á venda.

Centrándose xa nos **facilitadores ó emprendemento**, detectados polos axentes entrevistados neste concello do Baixo Miño, destácase a existencia do proxecto de rehabilitación do edificio de Chans, na parroquia de Randufe, a través do Obradoiro de Emprego, para a creación dun viveiro empresarial, no que segundo o proxectado se porán a disposición dos emprendedores 11 oficinas, unha sala de reunións e unha zona de servizos comúns. Así mesmo, dende o ámbito privado, sinalan como elemento de empuxe ou potenciador do emprendemento o feito de que emprender contribúe a *“mellorar a autoestima persoal, dado que é moito máis gratificante”*, a máis do apoio recibido por parte do Concello, que *“proporciona información útil e apoia ós emprendedores á hora de levar a cabo os trámites administrativos”*.

Pese a todo isto, no apartado dedicado a identificar **barreiras para o xurdimento e o éxito das iniciativas emprendedoras** manifestouse que no contexto actual , o principal problema co que se están a atopar os emprendedores potenciais é a busca de fontes de financiamento, destacando tamén a percepción de que se precisa dunha importante dinamización da Administración Pública, posto que o exceso de tramitación e a lentitude dos trámites, unido á descordinación entre organismos, tamén é vista como outra importante barreira ó emprendemento.

Outras dificultades para o acceso ó emprendemento identificadas no concello tudense, terían que ver coa existencia de pouco dinamismo empresarial na zona e a falta de competencia, existindo ademais diferentes percepcións sobre o labor desenvolto polas organizacións de empresarios da zona.

Finalmente, tanto dende o ámbito público como dende o ámbito empresarial, se sinala que unha das trabas máis importantes ó emprendemento en Tui, está a ser a pouca formación dos emprendedores, posto que se considera *“imprescindible contar cunha base mínima de calidade, que permita realizar un plan de empresa realista e un estudo de mercado en profundidade”*. Nesta mesma liña, indicouse tamén que nestes momentos está a ser moi difícil o atopar traballadores formados e especializados, segundo os requisitos mínimos esixidos pola lexislación vixente.

Neste contexto, todos os axentes consultados mediante esta iniciativa, consideran que o **apoio da Administración Pública Local e Provincial** ó emprendemento e ó emprego é fundamental. Así, os axentes empresariais sinalan que iniciativas como os cursos desenvolto pola Deputación Provincial para reactivar e formar especificamente ó sector comercial, son de moita utilidade en vilas como Tui, a máis dos cursos de xestión empresarial básica impartidos pola Cámara de Comercio, Industria e Navegación de Tui. Esta última entidade segundo o expresado no transcorrer das entrevistas, *“debera ofrecer unha formación máis ampla e específica para os comerciantes”*.

Os axentes entrevistados tamén valoran positivamente a existencia de cooperación transfronteiriza en materia de emprego e emprendemento, levada a cabo a través do organismo Unimiño, que ten a súa sede en Valença, e que periódicamente organiza reunións entre os AEDL e os seus homónimos portugueses, que contribúen ó mantemento do contacto e ó intercambio de experiencias positivas.

Polo que atinxe á **Administración Pública Provincial**, segundo o exposto polos axentes entrevistados, esta debería actuar como un organismo que de xeito obxectivo coordine ós demais entes con competencias en materia de emprego e emprendemento. Así mesmo sería importante, segundo o expresado, que dende a Administración Provincial se tentase liderar a posta en marcha de proxectos neste eido nos que participasen varios concellos da provincia, á vez que se debería continuar apoiando a formación dos emprendedores, desempregados e traballadores.

Neste senso é importante destacar o feito de que os axentes emprendedores entrevistados inciden na importancia de contar cunha Administración máis áxil e flexible, que reduza a burocracia e limite os tempos de espera, e que proporcione apoio ás empresas á hora da realización dos trámites iniciais e na comprensión da propia documentación administrativa, sendo de moita utilidade o contar co apoio dunha **Administración Local** próxima e preocupada, onde se proporcione asesoramento empresarial integral, a nivel lexislativo, tributario, subvencións ou tramitacións administrativas cotiás.

Finalmente, e a modo de conclusión, resaltar a idea expresada durante todas as entrevistas realizadas neste Concello, de que é preciso *“acadar a diferenciación, apostando pola especialización a través dos produtos de calidade, e innovando non só no produto senón nas canles de comunicación e na propia atención ó cliente, perdendo o medo ó fracaso e ó cambio constante.”*

B. Cadro resumo

NOVAS INICIATIVAS DOS ENTES LOCAIS

Concello de Tui

- Rehabilitación do edificio de Chans, na parroquia de Randufe, a través dun obradoiro de emprego, que se prevé destinar a viveiro de empresas, habilitando 11 oficinas, unha sala de reunións e unha zona de servizos comúns.

CÓMO PODEN AXUDAR AS ADMINISTRACIÓNS?

- Coordinación de recursos e capacidades de todos os entes públicos e privados que teñan competencias no ámbito do emprendemento e o emprego.
- Flexibilización e axilización de trámites burocráticos á hora de crear unha empresa, reducindo os tempos de espera.
- Ofrecer asesoramento integral ás empresas e emprendedores a nivel lexislativo, de tramitación administrativa ... etc. .
- Apoio á formación de calidade de empresarios e emprendedores que propicie o dinamismo e lles outorgue unhas capacidades básicas en materia de xestión empresarial, estudos de mercado e atención ó cliente.
- Proxectos colaborativos entre municipios da provincia, liderados pola Deputación de Pontevedra.
- Actuacións ou incentivos que propicien a busca da calidade por parte das Pemes.

ÁMBITOS DE DESENVOLVEMENTO EMPRESARIAL E EMPRENDEMENTO

En Xeral:

- Tentar favorecer a economía local e tratar de defender o desenvolvemento sostible.
- Apostar pola especialización, de cara á diferenciación dos produtos e a ofrecer un produto ou servizo de calidade.
- Adaptar a oferta ás demandas do consumidor actual, innovando non só no produto senón nos canles de comunicación e na atención ó cliente, que debe ser cada vez máis personalizada.
- Perder o medo ó fracaso e ó cambio, dado que se precisa de dinamismo para ir corrixíndose sobre a marcha, contando polo tanto con ganas de aprender e innovar.
-

En concreto:

- **Agro - Alimentación:** Producións ecolóxicas e artesanais.
- **Construción:** Rehabilitación de vivendas antigas do casco vello.
- **Turismo:** Creación de infraestrutura de acollida de calidade e empresas relacionadas co turismo de IV gama, de experiencias e sensacións, a máis do turismo deportivo e natural, cultural ou etnográfico e en xeral.
- **Comercio:** comercio innovador e complementario ó turismo, no que prime a calidade do produto ou servizo, artesanía local e de Galicia en xeral.

ANEXOS

II. Información cuantitativa complementaria sobre o Concello de Tui

Táboa 1

Evolución do número de empresas segundo estrato de asalariados 2005-2010

	2005	2006	2007	2008	2009	2010
sen asalariados	711	748	810	859	859	895
de 1 a 2 asalariados	271	307	352	331	335	315
de 3 a 5 asalariados	142	140	132	163	162	145
de 6 a 9 asalariados	56	61	67	60	60	47
de 10 a 19 asalariados	50	58	55	59	52	47
de 20 a 49 asalariados	17	22	35	36	30	26
de 50 a 99 asalariados	2	3	2	3	3	4
de 100 a 249 asalariados	1	1	2	2	3	3
de 250 ou máis asalariados	0	0	0	0	0	0
TOTAL	1.250	1.340	1.455	1.513	1.504	1.482

Fonte: Instituto Galego de Estatística (IGE)

Táboa 2
Principais magnitudes económicas das empresas de A Estrada,2010¹

Cadea ²	Facturación	% Facturación	Empregados	% Empregados	Valor Engadido	% Valor Engadido	Número Empresas	% Empresas
01 Pesca e Produtos Transformados do Mar	5.704	1,64%	13	0,38%	221	0,23%	5	0,79%
02 Forestal e produtos Transformados da madeira	11.942	3,44%	74	2,16%	2.645	2,71%	21	3,32%
03 Agricultura gandaría e os seus Transformados	28.756	8,27%	148	4,32%	3.860	3,96%	34	5,37%
04 Rochas Ornamentais e Produtos non Metálicos	13.849	3,98%	114	3,33%	4.052	4,15%	11	1,74%
05 Automoción	8.535	2,46%	92	2,68%	2.438	2,50%	22	3,48%
06 Construción e reparación naval	354	0,10%	3	0,09%	75	0,08%	1	0,16%
07 Química-Farmacéutica	11.688	3,36%	281	8,20%	2.881	2,95%	9	1,42%
08 Téxtil-Confección-Moda e Complementos	5.615	1,62%	46	1,34%	1.277	1,31%	23	3,63%
09 Construción e Promoción Inmobiliaria	131.801	37,91%	1.440	42,01%	40.537	41,55%	252	39,81%
10 Turismo, Ocio e Relacionados	15.932	4,58%	167	4,87%	4.198	4,30%	48	7,58%
11 Información, Cultura e Audiovisual	3.292	0,95%	21	0,61%	1.104	1,13%	10	1,58%
12 Comercio e Distribución non específica	22.029	6,34%	160	4,67%	4.093	4,20%	58	9,16%
13 Bens de Equipo, Industria Auxiliar e Produtos Metálicos	19.277	5,55%	135	3,94%	3.558	3,65%	35	5,53%
14 Tecnoloxías da Información e da Comunicación	120	0,03%	0	0,00%	-3	0,00%	2	0,32%
15 Medioambiente	0	0,00%	0	0,00%	0	0,00%	1	0,16%
16 Enerxía	16.960	4,88%	53	1,55%	5.617	5,76%	9	1,42%
17 Loxística e Transporte	35.294	10,15%	235	6,86%	9.165	9,39%	27	4,27%
18 Servizos Financeiros	1.383	0,40%	44	1,28%	996	1,02%	15	2,37%
19 Educación e Saúde	4.945	1,42%	100	2,92%	2.606	2,67%	23	3,63%
20 Outras actividades en xeral	10.153	2,92%	302	8,81%	8.240	8,45%	27	4,27%
Total xeral	347.627	100,00%	3.428	100,00%	97.560	100,00%	633	100,00%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

¹ Só se inclúen as empresas domiciliadas na localidade de A Estrada con obriga de presentar as súas contas.

² A metodoloxía de cadeas empresariais contempla na mesma as actividades relacionadas coa produción/extracción, a transformación e a comercialización específica, conformado o comercio NON específico unha cadea diferente. Así por exemplo os comercios ó por menor de roupa englobaríanse na cadea de téxtil, e os comercios alimentarios na cadea de agricultura.

Táboa 3
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Galicia segundo cadea, 2010

Cadena	Facturación	Empleados	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	8,26%	4,51%	4,63%	2,86%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	2,71%	3,89%	3,11%	3,54%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	7,58%	6,12%	5,10%	5,81%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,68%	1,33%	1,06%	0,88%
05 Automoción	12,31%	6,65%	7,62%	3,82%
06 Construcción y Reparación Naval	1,68%	1,45%	1,11%	0,44%
07 Química-Farmacéutica	2,89%	1,87%	2,12%	1,24%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	15,15%	9,16%	16,17%	3,42%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	18,09%	22,03%	20,15%	34,14%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,96%	4,89%	3,03%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	1,10%	2,22%	1,51%	3,23%
12 Comercio y Distribución no Específicos	8,24%	7,53%	5,00%	7,73%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	7,67%	6,75%	6,57%	4,56%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	1,06%	2,16%	1,88%	1,47%
15 Medioambiente	0,15%	0,24%	0,24%	0,20%
16 Energía	2,33%	0,97%	3,87%	2,40%
17 Logística y Transporte	3,71%	5,63%	6,41%	4,20%
18 Servicios Financieros	1,58%	1,57%	3,88%	3,84%
19 Educación y Salud	1,43%	4,30%	3,18%	3,57%
20 Otras Actividades en General	1,40%	6,64%	3,30%	5,47%
AAPP	0,02%	0,08%	0,05%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

Táboa 4
Porcentaxes das principais magnitudes empresarias de Pontevedra segundo cadea, 2010

Cadea	Facturación	Empleos	VEB	Número de empresas
01 Pesca y Productos Transformados del Mar	14,17%	6,41%	8,18%	4,07%
02 Forestal y Productos Transformados de la Madera	1,27%	2,86%	1,69%	3,26%
03 Agricultura y Ganadería y sus Transformados	5,45%	5,73%	4,17%	5,09%
04 Rocas Ornamentales y Productos no Metálicos	0,92%	1,42%	1,19%	1,06%
05 Automoción	26,54%	11,83%	17,57%	3,84%
06 Construcción y Reparación Naval	4,28%	2,42%	2,60%	0,76%
07 Química-Farmacéutica	2,92%	2,52%	3,35%	1,26%
08 Textil-Confección-Moda y Complementos	1,81%	3,26%	1,99%	3,32%
09 Construcción y Promoción Inmobiliaria	16,68%	21,64%	21,06%	34,05%
10 Turismo, Ocio y Relacionados	1,92%	4,44%	3,10%	7,11%
11 Información, Cultura y Audiovisual	0,96%	1,89%	1,46%	3,03%
12 Comercio y Distribución no Específicos	7,16%	6,81%	5,05%	8,13%
13 Bienes de Equipo, Industria Auxiliar y Productos Metálicos	6,38%	7,43%	7,58%	5,00%
14 Tecnologías de la Información y la Comunicación	0,52%	1,58%	0,81%	1,39%
15 Medioambiente	0,13%	0,21%	0,19%	0,19%
16 Energía	1,24%	0,72%	1,15%	1,68%
17 Logística y Transporte	3,47%	5,49%	5,69%	4,11%
18 Servicios Financieros	1,29%	1,59%	5,20%	3,74%
19 Educación y Salud	1,67%	5,40%	4,44%	3,37%
20 Otras Actividades en General	1,20%	6,29%	3,49%	5,48%
AAPP	0,02%	0,07%	0,04%	0,05%

Fonte:Elaboración propia a través da base de datos SABI

II. Temática orientativa das entrevistas realizadas:

- *Entrevista ós axentes da Administración Pública Local*

1. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras ou actividades innovadoras.
2. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para a innovación ou o emprendemento.
3. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.
4. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
5. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
6. Existen apoios suficientes e infraestruturas para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.
7. Iniciativas postas en marcha recentemente ou previstas para o estímulo e potenciación a curto prazo do emprendemento, a innovación e o emprego.
8. Recursos cos que conta a Administración Local para o apoio ó emprendemento.
9. Ideas sobre cómo pode a Administración Pública Local incentivar o xurdimento de iniciativas deste tipo.
10. O papel da Deputación de Pontevedra en materia de potenciación e impulso ó emprendemento e á innovación empresarial.

- *Entrevista ós axentes empresariais e emprendedores*

1. Características da actividade empresarial que desempeñan.
2. A propia experiencia emprendedora: motivos que o levaron a emprender, pasos ou fases seguidas ata a consolidación, dificultades e beneficios de emprender.
3. Axudas, apoio ou asesoramento recibido por vostede á hora de poñer en marcha o seu propio negocio.
4. Potencialidades ou puntos fortes que presenta esta área xeográfica (concello/comarca) para a posta en marcha de iniciativas deste tipo.
5. Sectores ou nichos de mercado nos que vostede cree que existen posibilidades reais de éxito para o emprendemento na área xeográfica.
6. Oportunidades de negocio concretas ou necesidades non cubertas polo tecido empresarial local.
7. Barreiras ou dificultades para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
8. Facilitadores ou factores positivos para a posta en marcha de iniciativas emprendedoras e innovadoras na actualidade.
9. Existen apoios suficientes e infraestructuras na área para poñer en marcha iniciativas emprendedoras?.
10. Cómo pode a Administración Pública Local e Provincial contribuir a apoiar e incrementar as iniciativas emprendedoras de éxito?

ENTREVISTADORES:

Grupo de Investigación G4plus (Universidade de Vigo)

- **Pedro Figueroa Dorrego:** Director do Grupo de Investigación G4plus. Profesor do Departamento de Organización de Empresas e Márketing.
- **Ana Otero Lima:** Coordinación Técnica. Máster en Dirección Pública e Liderado Institucional.